

NOTICIAS VARIAS

❖ No mes de marzo de 1992 comezaba a Primeira Fase das obras de Ampliación do Museo, que rematarían a fins dese mesmo ano. As obras desta fase, levadas a cabo pola empresa Indeza (de Lalín), cun presuposto de 22.992.901 pesetas, consistiron na realización de cimentación, estruturas, cuberta e cerramentos exteriores.

Quedan para o ano 1993 as obras do interior, reforma do edificio actual e acabados (ademais de dotación e equipamento á parte, que permitirá no seu día facer o labor de traslado e re-montaxe das diferentes Salas e Servicios de Museo. Esta Segunda Fase (de 23.944.092 pts.) fôille adxudicada á empresa Delfín Ferreiro (de Ourense).

❖ Continuando o traballo de investigación arqueolóxica de campo no Castro, no ano 1992 realizouse unha campaña de excavación e a subseguinte laboura de limpeza e consolidación, con subvención da Consellería da Cultura e Xuventude. A excavación centrouse, por un lado, no antecastro Oeste, onde se documentou un camiño de entrada cara á croa, protexido por dous «bastións» e que deu moito material galaico-romano (entre el, o primeiro selo de alfareiro de sixilata, por desgracia de nome descoñecido, que aparece en Viladonga). Por outro lado, na área N.E. da acrópole, retirándose os testigos de excavación do ano 1984, e comprobando a existencia dun nivel anterior ás construcións hoxe visibles, nivel moi derramado e atuado, quizais pertencente ó s. II - I a. C.

❖ Ó longo do ano 1992 fíxose realidade física o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, creado o ano anterior. Este Centro mantén unha cordial relación de intercambio e colaboración científica e cultural co Museo de Viladonga, e polo seu contido (fundamentalmente útiles paleolíticos e axuares megalíticos, ademais dun notable traballo de laboratorio), é un complemento temático do Museo de Viladonga (centrado no mundo castrexo e galaico-romano), co cal queda cuberto un amplo abano cronolóxico de máis vella historia da comarca da Terra Chá e áreas limítrofes.



❖ O Museo, en colaboración coa Asociación, foi invitado a participar (por intermediación do socio Manuel Vila López), na Mostra Exposición de Muimenta (MOEXMU) no mes de Agosto, o que serviu para dar a coñecer e difundir o labor e o contido do Museo e os fins e o traballo da Asociación, considerándose moi positiva esta experiencia neste tipo de Mostras, moi concurridas de público e que poden servir como un xeito máis para a divulgación cultural do noso Patrimonio.

